

EDUCACIÓN INFANTIL

5 ANOS

Propoñovos as tarefas para esta semana, aproveitando que os nenos e nenas teñen os libros nas casas. Esta semana continuamos co libro 6!

Non obstante, non esquezades tratar de ler un pouquiño todos os días e facer algunha suma ou resta tres ou 4 días á semana.

Tendes organizadas por días as tarefas e ao final, unhas follíñas de lectura e matemáticas para que vaian facendo ao mesmo tempo.

LUNS 25 DE MAIO

- Lámina 17. Escribe a hora que marca cada reloxo. Para iso deberás fixarte no número ao que apunta a frecha máis curta do reloxo.
- Lámina 17 reverso. No reverso da lámina colorea o reloxo e o cadrado que marquen a mesma hora (os que marcan as 05:00 dunha cor, os que marcan as 07:00 doutra...)

MARTES 26 DE MAIO

- Lámina 18. Completa a frase (a palabra que falta é telescopio). Despois, recorta anacos de papel prateado (do que se emprega na cociña, papel albal). Debuxa estrelas, astros, planetas, cometas... o que che apeteza, recórtaos e pégaos no ceo.
- Lámina 19. Repasa os trazos, son moi similares á letra f

MÉRCORES 27 DE MAIO

- Lámina 19 reverso. Repasa os trazos. Na última liña deberedes realizalos vós mesmos.
- Lámina 20. Completa os cadrados coas pegatinas do final do libro. Despois, intenta ler cada unha das frases vendo os debuxos e debuxa e colorea unha delas, a que ti prefiras.

XOVES 28 DE MAIO

- Lámina 21. Busca os cristais que teñan forma de prisma, como o que leva Aris na man, e puntéaos.
- Lámina 21 reverso. Completa cos números que faltan. Recorda que como estes números indican orde van co ° e dinse: primeiro, segundo... Colorea o primeiro e o último.

VENRES 29 DE MAIO

- Lámina 22. Busca e colorea as prendas de roupa ou obxectos que forman parte do vestiario do astronauta.
- Lámina 23. Repasa os trazos

Nas últimas páxinas deste documento atoparás tamén unha serie de propostas divertidas para facer ao longo desta semana se che apetece.

Igual que no documento de música, onde tes vídeos de cancións para cantar, bailar e discriminar auditivamente.

Sumas

Imos a probar esta semana a facelas en horizontal. É o mesmo!

$5 + 2 =$

$6 + 3 =$

$0 + 4 =$

$1 + 6 =$

$3 + 7 =$

$4 + 8 =$

$1 + 8 =$

$3 + 2 =$

$2 + 1 =$

$4 + 2 =$

$2 + 3 =$

$1 + 5 =$

$2 + 2 =$

$3 + 3 =$

$4 + 4 =$

$1 + 1 =$

$6 + 6 =$

$5 + 5 =$

$7 + 1 =$

$4 + 2 =$

$3 + 3 =$











$2 + 4 =$






$1 + 5 =$

$4 + 6 =$

Restas

E o mesmo coas restas. Imos a facelas esta semana en formato horizontal.

| | |
|---|---|
|  $8 - 4 = \square$ |  $10 - 5 = \square$ |
|  $7 - 5 = \square$ |  $9 - 6 = \square$ |
|  $10 - 3 = \square$ |  $8 - 7 = \square$ |
|  $9 - 2 = \square$ |  $6 - 5 = \square$ |
|  $6 - 6 = \square$ |  $10 - 8 = \square$ |

| | | |
|---|--|-----------------------------|
| $6 - 3 = \underline{\quad}$ |  | $2 - 1 = \underline{\quad}$ |
| $8 - 2 = \underline{\quad}$ |  | $5 - 5 = \underline{\quad}$ |
| $7 - 6 = \underline{\quad}$ |  | $8 - 4 = \underline{\quad}$ |
|  | $9 - 7 = \underline{\quad}$ | |
| $6 - 0 = \underline{\quad}$ |  | |

Lectura

Continuamos repasando a c en ca, co e cu



ca co cu


Las copas , la casa , este saco ,
una roca , los cocos , un médico , la
foca , la cama , esta cuna , el café
la cometa , el camión , la escuela,
los macarrones , mi camión

Dame una copa.

Esta es mi escuela.

El nene está en la cuna.

En mi casa comemos macarrones.



La casa



la foca

E como seguro que vos preguntades por que non aparece a e nin a i, porque para que estas soen como ca, co e cu teñen que ir coa letra q, que sempre vai acompañada pola u. É moi importante que lles expliquedes que a Q sempre vai coa letra U e que so a letra E e a I poden ir con elas, nunca a A, O nin a U.



Q q



que qui

El **queso**, la **máquina**, **aquí**
una **raqueta**, el **mosquito**,
un **paquete**, un **tanque**,
el **quiosco**, un **químico**,

Me picó un **mosquito**.



La casa se **quemó**.

Tu **raqueta** se ha roto.



La **raqueta**



un **paquete**

Entrenamiento de lectura palabras con **ca-co-cu-que-qui**

| | | | | |
|----|----|-----|-----|-----|
| ca | co | cu | que | qui |
| co | ca | que | cu | qui |



ca casa co camisa cu copita que cuello qui pequeño

caballo queso quita aquel copia loco quieto

escoba paquete esqueleto escoba cueva

| | | | | |
|-----|----|-----|-----|-----|
| CA | CO | CU | QUE | QUI |
| QUI | CA | QUE | CO | CU |

CASA CAMISA COPITA CUELLO PEQUEÑO

CABALLO QUESO QUITA AQUEL COPIA LOCO

QUIETO ESCOBA PAQUETE ESCOBA CUEVA

Aquel mosquito picó el cuello de Camilo.
Quiero un poco de queso de vaca en un bocadillo.

3 e 4 ANOS

Como a semana pasada, para esta semana tamén vos proponho que os nenos e nenas vaian facendo no seu libro ao seu ritmo, segundo lles apeteza (1, 2 ou 3 tarefas por día). Se hai algún día que non lles apetece non pasa nada, xa o farán outro día que teñan máis ganas.

Gustaríame que me forades informando do que van facendo, de se rematan un libro, se queren máis actividades, se precisan máis material... para tratar eu de dar resposta ás vosas demandas. Tendes o meu teléfono, así que calquera cousiña estamos en contacto.

Así pois, esta semana propoñovos que fagan dúas páxinas dos libros que lles mandei por día (luns, martes, mércores, xoves e venres). A maiores, déixovos aquí algunhas actividades por se lles apetece facer.

DEBUXAMOS CON LIÑAS

Nun folio, pide a alguén da casa que che debuxe cadrados, como o modelo que segue (que tamén podes imprimir).
Despois, enche cada cadrado con liñas en diferentes direccións: verticais horizontais, inclinadas... e incluso podes combinar con onduladas, picudas (os máis maiores). Déixovos á dereita un exemplo.



| | | | |
|--|--|--|--|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |

QUE TAL SE ENCESTAMOS?. No cole temos feito un xogo parecido a este algunha vez. Probade a colocar nun extremo dunha mesa vasos de plástico como na imaxe, ou ben tinas ou caldeiros no chan ao final da mesma. Despois, dende o outro extremo da mesa tendes que, cunha pelota, intentar encestala dentro dos recipientes. Podedes probar a facelo coa man, soprando, dirixíndoa cun pauciño... e se vedes que vos resulta moi doado ata podedes probar a facer un circuito!



CREAMOS UN XOGO. Cun tubo de papel hixiénico pódense facer moitas cousas, entre elas xogo como os do Atrapabolas! Para iso so terás que pegar uns dos extremos do papel hixiénico, atar unha corda con algo pequeniño para intentar introducirlo no mesmo. E por suposto decoralo!
Déixovos aquí algúns modelos!



E QUE VOS PARECE SE RECORTAMOS UN POUCO?

Pide a alguén da casa que che debuxe e recorte un círculo nun folio.

Despois, vai recortando ti o círculo polos bordes para que quede algo parecido ao da imaxe.

Logo débúxalle os ollos e o pico (ou ben podes pegalos).

Podes poñerlle un pauciño para poder xogar con el.



CONSTRUÍMOS ALGO COA PLASTILINA. Por último, propóñovos que coa plastilina construaes un animalíño. Aquí vos deixo animalíños que podedes facer paso a paso de forma sinxela.

